



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Convocatoria para a participación na programación da rede cultural da Deputación da Coruña para o ano 2013

CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2013.

1.-FINALIDADE E OBXECTO.

Co obxecto de contribuír á difusión e á promoción da música, o folclore, o teatro, a danza e demais manifestacións artísticas na provincia, facilitando o coñecemento das actividades que, neste ámbito, se están a producir, e o seu achegamento aos nosos concellos, a Deputación da Coruña convoca os seguintes programas con cargo á aplicación presupostaria 0601/335A/22609:

| | |
|---------------------------|--|
| Categoría non profesional | XXX Programa de música e teatro para grupos non profesionais |
| Categoría profesional | XXV Programa de teatro e títeres para compañías profesionais |
| | XXVI Ciclo de música para intérpretes profesionais |
| | VII Programa para compañías de danza profesionais e outras actividades |

2.-SOLICITANTES.

2.1.-Para realizar actuacións.

Poderán participar nos programas as agrupacións das seguintes categorías, que teñan residencia na provincia:

CATEGORÍA NON PROFESIONAL:

| | |
|---|--|
| <p>a) Música:</p> <ul style="list-style-type: none"> Bandas de música Bandas de gaitas Masas corais Música clásica Rondas ou orquestras Cantareiras Folk Rock Pop/lixreira Electrónica Jazz Blues Soul Tunas Charangas Solistas Outros | <p>b) Danza:</p> <ul style="list-style-type: none"> Danza tradicional galega Danza contemporánea Danza clásica Outros tipos de danza <p>c) Teatro:</p> <ul style="list-style-type: none"> Teatro Títeres Maxia e ilusionismo Contacontos Outros <p>d) Circo e acrobacias</p> <p>e) Outras actividades</p> |
|---|--|

CATEGORÍA PROFESIONAL:

| | |
|---|---|
| <p>a) Intérpretes de música:</p> <ul style="list-style-type: none"> Música clásica Jazz Folk Rock Blues Tecno <p>c) Compañías de teatro e de títeres:</p> <ul style="list-style-type: none"> Teatro Títeres Maxia Monólogos-Contacontos Circo e acrobacias | <p>b) Compañías de danza:</p> <ul style="list-style-type: none"> Danza clásica Danza contemporánea Danza folclórica galega Outros tipos de danza <p>d) Outras actividades</p> |
|---|---|

Non poderán participar nesta convocatoria os grupos que estean incluídos en calquera outro convenio ou teñan asinado algún contrato con esta Deputación para a mesma finalidade.

Non poderán participar grupos infantís cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos, agás as corais.

2.2.-Para recibir actuacións.

CONCELLOS: poderán solicitar actuacións tódolos concellos da provincia que queiran acollerse a esta convocatoria.

ENTIDADES: poderán solicitar actuacións dos grupos incluídos no XXX Programa de música e teatro para grupos non profesionais as entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xurídicamente constituídas e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

3.-CONDICIÓNS.

As actuacións incluídas nestes programas realizaranse no ámbito territorial da provincia da Coruña durante todo o ano 2013.

Os participantes no XXX Programa de música e teatro para grupos non profesionais deberán realizar as actuacións fora do termo municipal no que estean radicados.

Como norma xeral, as actuacións serán públicas e gratuítas e non poderán ser utilizadas en actos privados. Só no caso daqueles concellos que así o teñan establecido, poderán cobrar entradas, cos importes que correspondan a este tipo de actuacións. O importe recadado quedará a beneficio do concello.

As actuacións que se poden solicitar serán as seguintes:

| PROGRAMA | N.º SOLICITUDES | | | |
|---|-------------------------------|-------------------------------------|-------------------------------|-----------|
| | Concellos máis de 15.000 hab. | Concellos entre 15.000 e 5.001 hab. | Concellos menos de 5.000 hab. | Entidades |
| XXX Programa de música e teatro para grupos non profesionais | 6 | 4 | 3 | 1 |
| XXV Programa de teatro e títeres para compañías profesionais | 4 | 3 | 2 | -- |
| XXVI Ciclo de música para intérpretes profesionais | 4 | 3 | 2 | -- |
| VII Programa para compañías de danza profesional e outras actividades | 4 | 3 | 2 | -- |

Poderán realizar unha petición de reserva por programa para substituír posibles anulacións.

Os concellos deberán priorizar as súas peticións.

As entidades poderán solicitar só unha actuación do XXX Programa de música e teatro para grupos non profesionais.

3.1.-Contratación das actuacións.

A Deputación atribúe aos concellos participantes a contratación das actuacións dos grupos, compañías e intérpretes que se lles adjudiquen, que se realizará de conformidade co R.D. legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A Deputación contratará as actuacións de grupos non profesionais concedidas ás entidades.

3.2.-Cachés das actuacións.

Categoría non profesional:

XXX Programa de música e teatro para grupos non profesionais:

- Grupos ata de 5 membros: 300 €/actuación.
- Grupos entre 6 e 10 membros: 500 €/actuación.
- Grupos entre 11 e 20 membros: 700 €/actuación.
- Grupos entre 21 e 30 membros: 900 €/actuación.
- Grupos de máis de 30 membros: 1.100 €/actuación.

Categoría profesional:

XXV Programa de teatro e títeres para compañías profesionais.

O caché será fixado libremente polas compañías.

XXVI Ciclo de música para intérpretes profesionais.

O caché será fixado libremente polos intérpretes.

VII Programa para compañías de danza profesionais e outras actividades.

O caché será fixado libremente polas compañías.

As compañías e intérpretes terán que diferenciar o importe do caché da obra e o importe do equipamento técnico necesario para a súa realización; este non se aboará no caso de que sexa aportado polo concello.

Os importes deberán ser con impostos incluídos e serán invariables durante a vixencia desta convocatoria.

3.3.-Porcentaxes de pagamento.

Concellos:

– En concellos de menos 5.000 habitantes concellos: 30% do importe da actuación.

Deputación: 70% do importe da actuación.

– En concellos entre 5.001 e 15.000 habitantes: Concellos: 50% do importe da actuación.

Deputación: 50% do importe da actuación.

– En concellos de máis de 15.001 habitantes: Concello: 60% do importe da actuación.

Deputación: 40% do importe da actuación.

Entidades:

No caso de que o solicitante da actuación sexa unha entidade sen ánimo de lucro, as porcentaxes de pagamento da actuación serán as seguintes:

Entidade: 50% do importe da actuación.

Deputación: 50% do importe da actuación.

3.4.-Obrigas dos grupos e intérpretes.

a) Realizar as actuacións nos lugares previstos.

b) Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.

c) Expedir facturas legáis polas actuacións realizadas e, se é o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a realización da actuación.

d) Aportar todo o equipo técnico necesario para poder levar a cabo a actuación (piano, equipo de son...).

e) Repoñer o local ao estado no que o atoparon.

3.5.-Obrigas dos concellos e das entidades solicitantes das actuacións:

a) Proporcionar locais axeitados para a realización das actuacións, de forma gratuíta, excluíndose para os concertos de música de intérpretes profesionais, os pavillóns polideportivos e recintos similares.

b) Organizar as actuacións velando polo seu correcto desenvolvemento, proporcionando o persoal de vixilancia que se precise.

c) Poñer a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material nos lugares das actuacións; esta condición non será imprescindible no Programa de música e teatro para grupos non profesionais.

d) Distribuír os cartéis anunciadores.

e) Cubrir mediante póliza de seguro os riscos de accidentes así coma os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das actuacións.

f) Expedir documentos acreditativos da realización das actuacións recibidas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da actuación.

g) No caso dos concellos, contratar as actuacións que teñan adxudicadas.

h) Aboar aos grupos a porcentaxe do importe da actuación que lle corresponda; no caso de entidades, o pago deberá terse realizado no prazo de dous meses dende que o grupo presente a factura.

A Deputación poderá requirir a presentación dos documentos que xustifiquen o citado pago.

i) Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes.

l) Aboar os gastos correspondentes á Sociedade Xeral de Autores de España.

m) Facer publicidade de que a actuación pertence a programación da rede cultural da Deputación. Esta poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación da dita publicidade.

3.6.-Obrigas da Deputación:

- a) Aboar a publicidade en prensa, que a Deputación decida realizar.
 - b) No caso das actuacións adxudicadas aos concellos, transferirlles o importe das actuacións, de acordo coas porcentaxes establecidas na base 3.3.
 - c) No caso das actuacións adxudicadas ás entidades e, de conformidade co establecido no parágrafo segundo da base 3.1, transferir aos grupos o importe do caché das actuacións, de acordo coas porcentaxes establecidas na base 3.3.
- En ningún caso, a Deputación aboará a porcentaxe que lle corresponda aboar ás entidades ou concellos adxudicatarios das actuacións.
- d) A Deputación aboará ao grupo a súa porcentaxe, sempre que se acredite a realización da actuación, aínda no caso de que houbera algún incumprimento de carácter formal por parte da entidade solicitante da actuación.

4.-DOCUMENTACIÓN.

4.1.-Grupos e intérpretes:

As agrupacións e intérpretes que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado que se proporcionará no Rexistro Xeral, na Sección de Cultura e Deportes, na páxina web da Deputación e nos concellos e achegarase a seguinte documentación:

Grupos non profesionais:

- a) Fotocopia compulsada tarxeta do C.I.F. da entidade (agás grupos de titularidade municipal).
- b) Fotocopia compulsada da tarxeta do N.I.F. do representante (agás grupos de titularidade municipal).
- c) Certificación dos datos bancarios (agás grupos de titularidade municipal).
- d) Nomeamento do representante para as súas relacións coa Deputación (os grupos de titularidade municipal, soamente resolución ou acordo de solicitude do concello).
- e) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade titular do grupo.
- f) Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración e de aceptación das bases da convocatoria.
- g) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- h) Documentación técnica (número de membros, ficha técnica das obras, condicións mínimas para as actuacións, etc.).
- i) Caché da actuación de acordo cos importe sinalados na base 3.2. No cachet se consideran incluídos todo os gastos e impostos; no caso das compañías e intérpretes profesionais indicárase o importe do equipamento técnico necesario.

I.-Autorización para que a Deputación poda obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o grupo ou intérprete está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordear os pagos das actuacións.

A documentación sinalada nos apartados a, b, c, e non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores, e non houbo variación nela.

Compañías profesionais:

- a) Fotocopia compulsada tarxeta do C.I.F.
- b) Fotocopia compulsada da tarxeta do N.I.F. do representante.
- c) Copia compulsada das escrituras da entidade.
- d) Designación de representante.
- e) Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración e de aceptación das bases da convocatoria.
- f) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- g) Documentación técnica (número de membros, ficha técnica das obras, condicións mínimas para as actuacións, etc.).
- h) Caché da actuación.

i) Autorización para que a Deputación poda obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o grupo ou intérprete está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordear os pagos das actuacións.

A documentación sinalada nos apartados a, b, c non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores, e non houbo variación nela.

4.2.-Concellos e entidades solicitantes das actuacións:

a) Fotocopia da tarxeta do CIF (agás concellos).

b) Póliza de seguro que cubra os riscos de accidente, así como os de responsabilidade civil que se poida derivar da realización das actuacións. (agás concellos).

Esta póliza deberá presentarse no momento da sinatura dos convenios. A non presentación da póliza terá como efecto a anulación da concesión da actuación e, polo tanto, o convenio non poderá ser asinado.

c) Compromiso de facer fronte ás obrigas económicas derivadas destes programas.

d) Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración, e de aceptación das bases da convocatoria.

e) No caso dos concellos: declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social.

f) No caso dos concellos: autorización para que a Deputación poda obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordear os pagos das actuacións.

g) No caso dos concellos: A Deputación poderá solicitar informe sobre o número de asistentes ás actuacións incluídas na rede cultural 2012.

A documentación que se entregue en fotocopia ha de vir debidamente compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser subsanado no prazo de dez días naturais dende a recepción do requirimento.

5.-LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.1.-Grupos e intérpretes:

Os grupos e intérpretes que desexen participar nesta convocatoria, deberán presentar a súa solicitude nos rexistros autorizados pola lei, no prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación da presente convocatoria.

5.2.-Concellos e entidades solicitantes das actuacións:

Unha vez recibidas as ofertas dos grupos, a Deputación, previa resolución da presidencia, confeccionará un dossier coa información dos grupos que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, no que se recollerán as obras, programas e condicións técnicas requiridas para cada actuación.

Este dossier remitirase aos concellos da provincia, achegado dun modelo de impreso para realizar a solicitude de actuación e tamén será difundido a través da páxina web da Deputación ([www. dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)).

Os concellos e entidades da provincia deberán presentar as solicitudes de actuacións nos rexistros autorizados pola lei, no prazo de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio do inicio do prazo.

6.-RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS.

A resolución dos programas ten dúas fases:

6.1.-Primeira fase: adxudicación das actuacións.

A adxudicación das actuacións realizarase mediante resolución da Presidencia; requirirase informe da comisión técnica e proposta da mesa de contratación, agás naqueles contratos que teñan o carácter de contratos menores.

Os criterios para a adxudicación das actuacións serán os seguintes:

– Interese do solicitante en contar coa actuación: ata 60 puntos. Terase en conta a estes efectos a prioridade sinalada na petición, de acordo coa seguinte ponderación:

1.^a prioridade: entre 16 e 25 puntos.

2.^a prioridade: entre 11 e 15 puntos.

3.^a prioridade: entre 6 e 10 puntos.

4.^a prioridade: entre 4 e 5 puntos.

5.^a prioridade: entre 2 e 3 puntos.

A partir da 6.^a prioridade, ou sen prioridade: ata 2 puntos.

– Distribución das actuacións entre os grupos e intérpretes: ata 30 puntos.

Despois da puntuación das solicitudes de acordo co criterio anterior, e coa finalidade de proceder a unha distribución equilibrada das actuacións entre as agrupacións artísticas, distribuiranse os 30 puntos de forma inversamente proporcional ao número de actuacións adxudicadas a cada agrupación.

– Distribución xeográfica: ata 10 puntos.

Terase en conta a distancia entre os concellos do solicitante e do grupo, a efectos de favorecer unha distribución equilibrada en todo o territorio da provincia. A distribución dos 10 puntos realizarase de forma inversamente proporcional á distancia entre concellos, procurando evitar a concesión de actuacións en concellos limítrofes ao do concello do grupo.

Excluíranse aqueles concellos ou entidades que non cumpriran as obrigas derivadas da súa inclusión na rede cultural 2012.

A falta de resolución expresa das solicitudes, por parte da Deputación, producirá efectos desestimatorios transcorridos nove meses contados dende a entrada en vigor do presuposto da Deputación para 2013.

6.2.–Segunda fase: sinatura dos convenios:

Unha vez realizada pola Deputación a adxudicación das actuacións, procederase á sinatura dos correspondentes convenios.

No caso das actuacións adxudicadas aos concellos, os convenios asinaranse entre a Deputación e os concellos e neles incluíranse a totalidade das actuacións adxudicadas nos 4 programas.

No caso das actuacións adxudicadas ás entidades, os convenios asinaranse entre a Deputación, os grupos participantes e as entidades solicitantes das actuacións, someténdose tódalas partes ao contido das cláusulas que, como mínimo, deberán especificar:

a) Que o grupo e a entidade solicitante comprométense a realizar a actuación incluída no convenio. Calquera variación no lugar da actuación, farase con carácter excepcional e por causas debidamente xustificadas.

b) O importe a aboar ao grupo polo solicitante da actuación e pola Deputación e o prazo máximo no que se deberá realizar o pago.

c) O lugar da actuación.

d) As causas de resolución do convenio.

e) As penalidades administrativas por incumprimento do convenio.

De conformidade co disposto no art. 95 RD lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, atendendo á natureza da actividade e á forma de pagamento, as entidades participantes quedan dispensadas da constitución de garantía definitiva.

Serán causas de resolución do convenio o incumprimento de calquera das bases da convocatoria e a non realización das actuacións sen causa xustificada.

7.–XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

7.1.–Concellos.

a) Os concellos aboarán a totalidade do importe da actuación a cada un dos grupos que lle foran concedidos.

b) A Deputación aboará aos concellos o importe da porcentaxe de cada unha das actuacións, que poderán ser xustificadas de xeito individualizado.

c) Para o cobro de cada unha das actuacións os concellos deberán presentar a seguinte documentación:

- Copia compulsada do contrato suscrito entre o concello e o grupo ou, se e o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 111 e 138.3 da RD lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

- Acreditación da realización da actuación concedida: certificación ou informe.

- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social.

As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo concello.

d) Logo de que a Deputación aboe a actuación, o concello remitirá á Deputación, no prazo de dous meses, o xustificante de ter realizado o pagamento ao grupo; no caso de non facelo, iniciárase o correspondente expediente de reintegro pola cantidade aboada.

7.2.-Entidades.

a) A Deputación aboará directamente aos grupos o importe da porcentaxe correspondente.

b) Para o cobro de cada unha das actuacións os grupos deberán presentar a seguinte documentación:

- Factura por importe da porcentaxe correspondente á Deputación.
- Acreditación da realización das actuacións concedidas: certificación, declaración ou informe, ou certificación do concello donde se realizou.
- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social. As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo grupo ou intérprete.

7.3.-Os grupos que se presenten no lugar de actuación e, por causa de forza maior, sexa imposible realizala, terán dereito a una indemnización equivalente ao 50% do importe da actuación; esta indemnización será aboada pola Deputación e polo concello ou entidade solicitante da actuación, de acordo coas porcentaxes de pagamento fixadas na base 3.3.

7.4.-O prazo de presentación dos documentos xustificativos da realización das actuacións rematará, para os concellos e entidades, o 15 de febreiro de 2014.

8.-INCUMPRIMENTOS E SANCIÓNNS.

Se considerarán incumprimento das bases da convocatoria as accións e omisións que se indican de seguido, que darán lugar á imposición das sanciónns que se indican:

8.1.-Incumprimentos leves.

a) A presentación da documentación xustificativa despois do prazo establecido na base sétima e dará lugar á imposición das seguintes sanciónns:

- Se a documentación se presenta entre o 16 de febreiro e o 15 de marzo de 2014: multa por importe equivalente ao 5% do importe da aportación da Deputación nas actuacións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presenta entre o 16 de marzo e o 15 de abril de 2014: multa por importe equivalente ao 10 % do importe da aportación da Deputación nas actuacións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presenta entre o 16 de abril e o 15 de maio de 2014: multa por importe equivalente ao 15% do importe da aportación da Deputación nas actuacións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presenta entre o 16 de maio e o 30 de setembro de 2014: multa por importe equivalente ao 30% do importe da aportación da Deputación nas actuacións xustificadas fóra de prazo. Despois desta data non se fará ningún pago.

b) A asistencia por parte dos grupos e intérpretes, á actuación con menos membros dos certificados na solicitude, sen causa xustificada, e dará lugar á imposición dunha multa por importe equivalente ao 5 % da cantidade a aboar pola Deputación.

8.2.-Incumprimentos graves.

a) A falta da sinatura do convenio por parte dos concellos e entidades solicitantes das actuacións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria. Ademais deberán aboar o importe total da actuación, excluindo á Deputación de calquera responsabilidade.

b) A falta de presentación da documentación acreditativa da realización da actuación por parte das entidades solicitantes das actuacións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.

c) A falta de pago da porcentaxe do caché que lles corresponde, por parte dos concellos e entidades solicitantes das actuacións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.

d) A anulación unilateral da actuación, tanto polos grupos e intérpretes, como polos concellos ou entidades solicitantes das actuacións, que dará lugar á exclusión do incumplidor da participación neste programa na próxima convocatoria.

e) Calquera modificación do caché indicado na solicitude de participación, sen xustificar, dará lugar a exclusión da participación na próxima convocatoria.

Disposición adicional primera.

Con carácter xeral admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas:

- * Diante de notario.
- * Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña.
- * Polo secretario do concello, cando se refiran a expedientes de entidades do seu termo municipal.
- * Polo rexistro doutros organismos públicos, naqueles casos nos que se presenten os documentos a través doutros organismos públicos que estean autorizados a efectos de rexistro.

Disposición adicional segunda.

1.–A aprobación da presente convocatoria queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do Presuposto da Deputación do exercicio 2013 no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender ás solicitudes que ao amparo daquela se presenten.

2.–Consonte co anterior, non se poderá realizar acto algún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de trascendencia presupostaria en tanto non se cumpla a condición suspensiva citada no apartado anterior.

3.–En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito algún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

A Coruña, 29/11/2012.

O presidente

O secretario

Diego Calvo Pouso

José Luis Almau Supervía

2012/15075